

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería da Presidencia e Administración Pública

*Decreto 309/1989, do 28 de decembro, sobre asunción de medios transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos) mediante Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro e sobre asignación dos medios asumidos á Consellería de Cultura e Deportes.*

Por Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro, amplíanse os medios persoais e presupostarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).

Semella, pois, conveniente asumir de forma expresa tales medios, que se consignan relacionados no real decreto aludido, nos termos e condicións especificados no acordo da Comisión Mixta de Transferencias, e asignalas ós órganos correspondentes da Administración galega.

Na súa virtude, por proposta do Conselleiro da Presidencia e Administración Pública e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 28 de decembro de 1989.

## DISPOÑO:

Artigo único.—uedan asumidos os medios persoais e presupostarios traspasados pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do Real Decreto 1531/1989, do 15 de decembro, en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos), nos termos e condicións especificadas no acordo da Comisión Mixta de Transferencias que se publica como anexo ó devandito real decreto.

Os bens, dereitos e obrigas, así como o persoal e créditos presupostarios que figuran nas relacións adxuntas ó anexo do real decreto citado, asígnanse á Consellería de Cultura e Deportes.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—O Conselleiro de Cultura e Deportes dictará cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do presente decreto.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinteoito de decembro de mil novecentos oitenta e nove.

Fernando Ignacio González Laxe  
Presidente

Pablo González Mariñas  
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*Decreto 8/1990, do 11 de xaneiro, polo que se integra a Escola Superior da Mariña Civil da Coruña na Universidade da Coruña.*

O Real Decreto 1522/1988, do 2 de decembro (B.O.E. do 20-XII), sobre integración das ensinanzas superiores da mariña civil na Universidade, dispón, na súa disposición transitoria segunda, que, previamente á integración efectiva das devanditas ensinanzas na Universidade correspondente, se deberán traspasalas funcións e mailos servizos que o Estado viña xestionando en relación con elas ás Comunidades Autónomas con competencia en materia de ensino.

Traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de ensinanzas superiores da mariña civil polo Real Decreto 1460/1989, do 1 de decembro (BOE do 8-XII e DOG do 2 de xaneiro de 1990), feitos todolos trámites esixidos polas disposicións vixentes na materia e oída a Universidade da Coruña, cómpre integra-las devanditas ensinanzas na referida Universidade co fin de que as correspondentes titulacións sexan xestionadas por un centro universitario dos previstos na Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria.

Por todo o que antecede, de conformidade coa referida Lei 11/1983, do 25 de agosto e maila 26/1984, do 9 de decembro, de coordinación universitaria e de consellos sociais, en virtude das atribucións que me confire a Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, por proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de xaneiro de mil novecentos noventa,

## DISPOÑO:

Artigo 1.º —Intégrase na Universidade da Coruña a Escola Superior da Mariña Civil.

Artigo 2.º —A devandita escola impartirá os estudos de 1.º e 2.º ciclos conducentes á obtención dos títulos de diplomado da mariña civil e licenciado da mariña civil, que serán outorgados pola Universidade da Coruña, así como o de doutor da mariña civil. Todos eles terán carácter oficial e serán válidos en todo o territorio estatal, de acordo coas normas xerais vixentes.

Artigo 3.º —O acceso ós estudos universitarios da mariña civil estará rexido polas normas xerais relativas ó acceso á Universidade vixentes na Comunidade Autónoma galega.

## Disposicións adicionais

Primeira.—O persoal da escola superior da mariña civil continuará prestando os seus servizos na Universidade da Coruña e nas categorías establecidas na Lei